


## FEMINISMO

# Protocolo de prevención e actuación ante situacións de acoso



Comisión de Feminismos de Entrepobos/Entrepueblos/ Entrepobles/Herriarte

Todos/as sabemos que a loita contra a violencia de xénero sempre constituíu unha constante no traballo de Entrepobos con organizacións de mulleres aquí e nos países nos que traballamos e que forma parte da esencia da nosa organización acompañar procesos de emancipación e empoderamento de persoas e grupos. O empeño na defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos foi central, non só no noso acompañamento solidario, senón tamén nalgunhas investigacións realizadas<sup>1</sup> na busca de indicadores de violencia machista e de respostas que se traduzan en accións sistemáticas para a erradicación da mesma.



Por todo iso temos o firme convencemento de que calquera tipo de acoso atenta contra os principios estratéxicos dunha organización como Entrepobos e os valores que a sustentan.

Dende estas premisas e para responder a algunha demanda que comezaba a manifestarse, propuxémonos elaborar un Protocolo que ten como principal obxectivo asumir a responsabilidade de procurar un contorno no que resulten inaceptables as condutas que poidan ser constitutivas de acoso; estrutúrase en cinco apartados, dedicados aos seguintes temas:


- Definicións (conceptualización): tipos de acoso
- Consecuencias ou impacto que ten o acoso na persoa acosada e na organización:

- Obxecto e ámbito de aplicación do protocolo
- Medidas de prevención.
- Medidas de actuación para eliminar o acoso.

No comezo do documento inclúese un cadro que recolle a normativa reguladora das condutas de acoso, dende o ámbito europeo ata o estatal. Non obstante, para todas as persoas que temos contribuído á súa elaboración, a parte máis importante é o traballo de sensibilización e formación que se propón, dirixido a todas as persoas de Entrepobos e ás das nosas contrapartes, mediante o cal se intentan previr as condutas de acoso.

Ademais, establécense outras medidas de prevención, entre as que cabe destacar a creación dunha Comisión de Bos tratos que ten como funcións fundamentais atender as persoas que denuncian, garantindo que se lles dea unha resposta áxil e eficaz, así como investigar sobre os feitos denun-

1. *Violencias contra as mulleres no mundo: Diversidade de miradas e estratexias para afrontarlas*: <http://www.entrepueblos.org/index.php/publicaciones/2634-violencia-contra-mujeres-estrategias>



*O Protocolo foi elaborado na Comisión de Feminismos, aberto a contribucións e reflexións*

ciados e elaborar un informe de conclusións sobre o caso:

O Protocolo foi elaborado ao longo de varios meses por un pequeno grupo de compañeiras, todas elas pertencentes á Comisión de Feminismos, estando aberto a outras aportacións e reflexións. As reunións realizáronse maiormente por Skype, establecéndose un reparto de tarefas, que requerían ler detidamente outros protocolos e artigos elaborados por sindicatos ou organizacións sociais, reflexionar sobre eles e pór en común as anteditas reflexións para decidir os contidos que tiñan sentido dentro do noso protocolo, porque respondían á especificidade dunha organización como Entrepobos.

Así puidemos telo finalizado para a Asamblea de Sevilla, onde se presentou o

documento completo para a súa aprobación e, á súa vez, dedicouse un espazo a realizar unha exposición oral sintetizada do seu contido, que permitiu recoller aportacións, reflexións e suxestións: O Protocolo foi aprobado nas súas liñas xerais na mencionada Asamblea, asumindo o grupo redactor a responsabilidade de incorporar as achegass que, sen dúbida, contribuirían a melloralo.

No momento actual, unha vez incorporados os cambios suxeridos, atopámonos na fase de difundilo, pois está pensado para que sexa coñecido por toda a organización: base social, persoas contratadas e calquera outra persoa que colabore con Entrepobos. A nosa intención é sintetizalo nun formato que resulte nido e atractivo para a súa lectura. ■

## FEMINISMO

# *Mulleres e conflitos ecoterritoriais. Impactos, estratexias, resistencias*

*Clara Ruiz*

*«Os conflitos sociais ecoterritoriais son o grande problema latinoamericano do século XXI. Xa só o feito de levantar a voz contra este modelo implica estigmatización, criminalización e morte»*

«En América Latina as mulleres vivimos nos nosos corpos, nas nosas mentes, nos nosos fillos e fillas, nos nosos territorios, as múltiples violencias do modelo de desenvolvemento do capitalismo extractivista, imposto nos últimos vinte anos no Sur global».

Entrepobos, despois de case 30 anos de irmanarnos coas loitas dos movementos sociais do sur na defensa dos seus dereitos, vimos constatando que os países de América Latina, obedecendo as grandes élites económicas que organizan o mundo para enriquecerse e acumular máis diñeiro, basean as súas políticas na extracción de recursos naturais sen promover verdadeiras políticas estruturais que poñan fin á desigualdade e a pobreza, afectando de maneira especialmente grave ás mulleres, os pobos indíxenas e organizacións que defenden os seus territorios. Como di Rocío Silva: «Os conflitos sociais ecoterritoriais son o grande problema latinoamericano do século XXI. Xa só o feito de levantar a voz contra este modelo implica estigmatización, criminalización e morte».

Perú non escapa desta lóxica. Alí vimos acompañando a mulleres que loitan por unha vida libre de violencias, defendendo o seu corpo e o seu dereito a decidir sobre o mesmo, a pobos indíxenas que defenden os

seus territorios e a defensores/as de dereitos humanos, que exercen o seu dereito á liberdade de expresión e á protesta.

Neste camiño, sentindo a necesidade de traballar en alianza con outras organizacións do sur e do norte, dende o 2014, estamos executando un Convenio xunto con Aietí, a Coordinadora Nacional de Dereitos Humanos, Demus e Flora Tristán.

Nestes anos, fomos reflexionando sobre como impacta na vida das mulleres a posta en práctica deste modelo extractivista en Perú. Considerando este un aspecto clave e pondo en contacto a axenda do movemento feminista, o movemento de dereitos humanos e o de defensa do territorio, decidimos impulsar unha publicación que recollera o escrito anteriormente, realizando novas achegas, centrándonos nalgúns territorios concretos onde traballamos (amazónicos e andinos), e a partir de testemuños de mulleres que fomos coñecendo nas súas diferentes loitas.